EXPEDIENTE 2025/G010/000009. PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA 7 DE XULLO DE 2025.

ACTA Nº 2025/10

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro
Data: luns 7 de xullo de 2024
Hora de comezo: 21.00 horas
Hora de remate: 12.44 horas

PRESIDE:

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
DARIO REY SUAREZ
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTÍNEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

NON ASISTEN:

REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO (PP) xustificando a súa ausencia

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión extraordinaria conforme á solicitude de data 13 de xuño de 2025 asinada polos cinco membros do Grupo Municipal do Partido Popular para debater e, no seu caso, aprobar a proposta de acordo de reprobación do señor Alcalde.

PUNTO ÚNICO. MOCIÓN DE REPROBACIÓN DO SR. ALCALDE ROBERTO CASTRO ROCAMONDE.

INTERVENCIÓNS

O Sr. alcalde di que a solictiude do Pleno extraordinario foi asinada polos Concelleiros do PP, Jesús Reboredo, Rebeca Codesido, Alfredo Souto, Isolina Suárez e María del Carmen Carreira, dando a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do PP.

O voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Reboredo González di que convocamos este pleno para tratar a xestión do alcalde e do goberno municipal durante esta primeira parte da lexislatura, titulámolo pleno de reprobación porque hai actuacións con consecuencias graves para os intereses municipais, procedendo a dar lectura ao contido da Moción presentada.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: vH9rkQOLbF89JJCkiDm8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Resumindo hai dous feitos en concreto como é a negativa do alcalde a tramitar e aprobar os orzamentos municipais, estase gobernando cos presupostos prorrogados de 2022, eu rebuscando as explicacións de porqué se negue a traer un presupuesto ao Pleno e intentar polo menos aprobalo pois non atopamos máis que un que é o temor do Sr. alcalde a que lle modifiquemos o sueldo, só por ese motivo consideramos suficiente para reprobalo e pedir a súa dimisión. Pretender gobernar unha lexislatura completa cos presupuestos do ano 2022, parécenos un locura e inverosímil que se pretenda facer iso.

Un segundo, moito máis grave ao noso entender é provocar coa súa actuación a perda dos fondos asignados ao Concello no Plan Provincial de Obras e Servizos de 2025, esa actuación do Sr. alcalde e do goberno que o apoia penso que son motivos máis que suficientes, non só para deixar a alcaldía senón incluso para deixar a acta de Concelleiro, se un alcalde priva aos veciños de Touro dunha inversión d 753.250 euros simplemente por querer impoñer o seu criterio sabendo que se atopa nunha situación de minoría absoluta, contando só con catro votos dos once da Corporación, xa sei que nos dirá que lle corresponde ao Sr. alcalde a presentación da proposta do Plan, nos non discutimos nada dese tema, nós o que si discutimos e que o alcalde debe respetar os acordos adoptados pola maioría nos plenos, o que ven incumprindo reiteradamente, como non aprobamos o orzamento non se pode levar a cabo o acordo dos seiscentos euros para as festas.

E agora como guinda do pastel a todo esto, aparece o problema da auga, xa anticipo que no pleno ordinario, a parte de que hai unha moción do BNG, nós seguramente presentemos outra para tratar a fondo ese tema, o que se vamos a poñer de manifesto hoxe o que é unha proba da manifesta incompetencia deste goberno para xestionar o tema do abastecemento municipal, o último que se está pretendendo polo Sr. alcalde e o que é máis grave pola empresa concesionaria é responsabilizarnos aos membros da oposición de crear alarma social, hai que ser atrevidos, quen crea realmente a alarma social o goberno municipal e a empresa concesionaria que deixan sen auga durante dous días aos veciños das Parroquias de Beseño, Calvos, Turces, Cornado ous membros da oposición. Este domingo a empresa concesionaria Espina & Delfín publicaba no Correo Gallego un publireportaxe decindo que a culpa a temos os concelleiros da oposición porque denunciamos que o goberno municipal está carrexando auga dende o río cunha cisterna de purín, evidente que si, porque tropezamos todos coa dichosa cisterna, e resulta que os malos somos os que denunciamos, semellante improvisación e chapuza política, por enriba unha cisterna dun particular, conducida por un traballador municipal, non sabemos se traballa para o Concello, para Espina ou para o dono da cisterna. Sobre este tema tratarémolo con moito máis detalle no pleno do xoves, ven a ser unha causa máis para motivar e apoiar esta nosa proposta de petición de reprobación do alcalde, polo que pedimos aos demais grupos e concelleiros o apoio, e se o alcalde é coherente e a reprobación vai adiante debería de formalizar a súa dimisión por lóxica democrática, por un mínimo de responsabilidade política e incluso de dignidade persoal.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di que hai dous anos o BNG doulle o voto para que fora alcalde, fixo o que dixo que ía facer sempre e cumpriu o que prometeu algo que a ninguén lle sorprende, o Bloque suele facer o que promete, o que o Bloque defende e que non gobernara o PP eso é evidente; pese a que naquel momento o Movemento Veciñal ignorounos completamente, deixándonos ao lado e escollendo como socio prioritario ao Partido Galego, o BNG foi fiel aos seus principios e seguímolo sendo durante estes dous anos, cunha posición constructiva, non hai pleno no que o Bloque non traia unha proposta, propostas sempre en positivo; pese a forma de gobernar non nos desviamos desa postura, pese a súa forma de gobernar autoritaria cando non de desprezo, ou de intransixencia por exemplo no tema da auga que comentaba o PP, o Bloque presentou o venres ou sábado unha iniciativa para un pleno extraordinario da auga, xa sei que hai que ter tres Concelleiros pero a resposta do alcalde foi ningunha, nin sequera unha pequena deferencia ou preguntar. Ademais pedíndonos incluso coa boca pequena que entraramos no goberno, curiosa maneira cando se ignora calquera proposta que nos fixemos, silenciada ou despreciada, e se nos pida a nos que entremos no goberno cando dous dos seus marchan, o 50 %. Non pode culpar a ninguén desta situación e moito menos culpar ao BNG, ata aí penso que todo o mundo chega e incluso é probable que poida chegar a perder o goberno, é probable, pero non vai sei polo BNG que lle deu os seus votos e llos segue a dar nos Plenos cando é necesario, simplemente chega a esta situación porque se está quedando só, non é capaz de termar dos seus, iso é unha realidade evidente e palmaria, con estes antecedentes é claro que hai unha perda de confianza en vostede e que se lle pode reprobar por suposto, estamos completamente de acordo e hai moitas razóns, pero temos claro que o BNG non vai facer de tonto útil do Goberno tragando todo e tampouco do PP de facer seguidismo da súa estratexia, o BNG se o

CVD: vH9rkQOLbF89JJCkiDm8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

apoiou a vostede foi para que non gobernara o PP, porque o PP está na antípodas políticas do BNG, é honesto e coherente cos seus principios, non imos entrar nese xogo, e xa sabemos que a dimisión é unha cuestión persoal, pero o problema é que coa súa actitude pode que entre o PP e non lle vote a culpa aos demais, por suposto non vai ser culpa do BNG, vai no seu debe.

Dóenos e foi unha lástima, unha oportunidade perdida, de facer un cambio de rumbo no Concello, de facer unhas novas políticas e abrir un novo tempo, nós puxemos o que podiamos poñer, pero claro a oportunidade vostede despilfarrouna inmediatamente, convertiu unha ilusión que tiñan moitos veciños/as converteuna nunha frustración. Supoño que vostede reflexionará, debería pensar como é posible defraudar a tanta xente en tan pouco tempo e chegar aos records negativos que ten, pedirlle a vostede que rectifique é compricado, pero pese a iso ímolo instar a que pense cara onde vai coa súa forma de actuar e a que a situación vai a chegar. Nos ímonos abster nesta cuestión, non porque non haxa razóns, pero nos levamos facendo a reprobación pleno a pleno dende hai dous anos, nos nas dinámicas de desgastar por desgastar non entramos, o que si é claro e que ou rectifica, é a última esperanza que temos, que non dependa de nós, non sei ata cando vai abusar da nosa paciencia, reflexione, mírese ao espello, estase quedando só, o se sillón e o seu mando, pedimos que rectifique e esperamos non ter nos que arrepentirnos.

O Sr. alcalde di que respecto ao PP, esto é un dito, pero é unha realidade falar non ten cancelas, pero aparte no caso deste PP, incluso escribir non ten cancelas. Referíndonos ao relato escrito, fala de que o alcalde perdeu a confianza de dous concelleiros, é aventurar, vostede non sabe se foi o alcalde precisamente quen perdeu a confianza nos concelleiros, pero aventura.

Fala por outra parte de incumplimentos de orzamentos, de plans de obras de contratos, contratos que veñan a Pleno foi o SAF e aprobouse por unanimidade. Plans de obras e suplementos de crédito para obras, houbo unha comisión que o portavoz nin sequera compareceu pero o PP non votou en contra , ditaminouse favorablemente e logo chegan ao pleno e montan a película, en concreto, votaron en contra da obra de rehabilitación dos baños de Brandelos, que agora están contratados ao abeiro dunha subvención de Turismo, que por certo este ano solicitouno para esta actuación, o ano pasado para Oficina de Turismo que era un local municipal que levaba case trinta anos en mans privadas e facendo uso dela unha empresa (Espina & Delfín) pero esa boa xestión do goberno anterior que un local municipal estivera cedido en precario de xeito gratuíto a unha empresa privada. Insisto nesta subvención de Turismo porque o goberno anterior, vostedes falan de devolver subvencións, perdeu a subvención do ano 2022 por importe de 30.000 euros por non executar a pontella no Lañas e no ano 2021 igualmente perdeu os 30.000 euros da subvención por non dar executado outra pontella no río Lañas, se seguiran gobernando no 2023 posiblemente a perdesen tamén, pero non no 2023 e 2024 reverteuse e unha obra está executada e os Baños de Brandelos están contratados.

Fala do tema do orzamento, outra gran mentira, outro gran bulo da fábrica de bulos que nos ten acostumados, o salario do alcalde aprobouse mediante acordo plenario que non ten ningunha vinculación coa aprobación do orzamento, igualmente que as nóminas do persoal se pagan cun orzamento prorrogado que cun orzamento do ano en vigor; co cal para nada, é outro bulo que tratan de trasladar igual co da auga.

Respecto do POS do ano 2025, dixo unha cousa inteserante que debería dimitir non só como alcalde senón incluso como Concelleiro, efectivamente por moitas voltas que lle dea unha mentira repetida un cento de veces é unha mentira repetida un cento de veces, non se vai a volver unha verdade; e o POS do ano 2025 o Pleno non o aprobou porque houbo unha maioría de Concelleiros que votaron en contra, punto. Podo entender tanto na Comisión coma no Pleno que non lle gustasen as obras que se propoñían, que tiveran unha ideas melloras, pero resulta que na Comisión previa ao pleno non as trasladaron sequera, é certo que trouxeron unha Moción ao Pleno no que os grupos do goberno abstivéronse porque era unha proposta de obras en positivo e que a maioría de obras do POS recollen o que se propoñía nesa moción, moción que en si é inexecutable porque para executar toda esa moción necesitábanse dous POS, non un, exemplo a piscina propoñían un arranxo integral que está orzamentado po riba de medio millón de euros e asignábanlle cen mil euros, resulta que obra que se propuxo por importe de douscentos mil euros inclúe parte diso que propoñían e así con todas as obras, votaron en contra disto, de instalar o ascensor onde se incluía reorganizar os espazos de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: vH9rkQOLbF89JJCkiDm8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

traballo da planta baixa, da ampliación da carretera que vai dende A Goleta cara AC-240 ata As Quintás, de feito esta era unha obra que vostedes levaban nesa moción, votaron en contra de pavimentar a fonte e o lavadoiro da Muíña, de arranxar a carretera de saída na Ribeira de Turces e tamén votaron en contra e levábano na Moción de transformación a LEDS dos alumeados por importe de 236.000,00 €. Entraron nunha estratexia de haber se lle bloqueamos as obras ao goberno, haber se non fan nada, é unha estratexia clarísima e descarada e hoxe vea todo o mundo e ninguén a discute, por iso tratan de repetir o tema de que non se aprobou o POS porque non se incluían as obras desa Moción, pois claro que se inclúen, pero para executar e as obras repito facían falla dous POS non un; pero é que ademais vostedes na Comisión Informativa, as actas están aí, non propuxeron absolutamente nada, nada, nada. A intención era esa, o voto o non e haber se non se executan obras.

Fala nese atrevemento do escrito de descontrol absoluto na execución das obras municipais, se vostede lle chama descontrol absoluto chegar ao goberno na segunda metade doa no 2023 e ter que executar obras do ano 2021, un Plan municipal do ano 2022 por un millón de euros, o descontrol non é deste goberno nin o incumprimento nos prazos de execución lle corresponde a este goberno, porque vennos do anterior. E o que fixo este goberno foi executar as obras pendentes do POS do ano 21, o Plan Municipal de obras do ano 22, obras que estaban pendentes do POS 22, executar o POS do ano 2023 e estamos a executar o POS do ano 2024.

Trae outra gran mentira do orzamento municipal, ao fin e o cabo é unha previsión, o que interesa do orzamento é sempre a execución, e así.

Respecto o tema da auga minte máis que fala, así de simple, o alcalde e o goberno non é o xestor do servizo de augas, a xestión do servizo de augas está privatizado nunha concesionaria, que é unha empresa privada, dende hai vinte e pico nos que neste caso é Espina & Delfín, esa é a empresa concesionaria, a capacidade e o deber do alcalde e cumprir e facer cumprir o contrato e neso está, o alcalde non ten competencia algunha na xestión do servizo, a concesionaria ten a xestión integral, non ten a reparación das avarías coma non caso do alumeado, ten a xestión integral.

Dicía que o goberno saíu ao atallo dos bulos da oposición, non, o goberno non dixo nin pío, porque non lle corresponde ao goberno, correspóndelle a concesionaria que é quen ten a xestión, e aínda que vostedes apuntaban ao alcalde que é o que lle interesa, realmente a quen dispararon foi a empresa que é quen ten a xestión, e sabíano, pero non teñen límite na súa falacias, nas súas mentiras e nos seus bulos.

Esa cisterna, igual que a captación, a planta depuradora, a infraestrutura, os consumos e os usos son facultades da xestión da concesionaria. Esa medida de transporte mediante cisternas opera baixo a concesionaria e coordinada, xestionada e supervisada pola concesionaria.

Eu quero pensar que esto, polo menos o voceiro do PP algo saberá deste contrato e sabía premeditadamente a responsabilidade e eivas na xestión no caso desas incidencia s que se padeceron estes días, a competencia exclusiva é da concesionaria, repítolle a competencia do alcalde e cumprir e facer cumprir o contrato e niso está, de aí que o goberno contra ese bulos non dixo absolutamente nada, por certo o PP non pide un papel, e atrévese a dicir o que dixo da auga e o lóxico paréceme, permítame a opinión sería nese caso se teñen dúbidas pedir explicacións ou informes de como se está facendo ese transporte que tanto cuestionaron e o alcalde tiña os papeis dende primeira hora do luns que e cando a empresa lle comunica que vai facer un transporte de auga mediante cisternas, explicoulle o procedemento, o cumprimento da legalidade e como se ía facer, dende ese momento ten un informe ao respecto, ao mellor se o pediran evitaban toda esa encerellada na que se meteron, din bueno e que no lo puido dar o alcalde antes, se soubera que se ían meter nesa encerellada e nese bulo xa llo tiña ofrecido, pois como non so falar senón tamén escribir non ten cancelas, póñanlle coto vostedes se queren.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González di que imos empezar polo final, dicir que o alcalde non ten responsabilidade, non teñen nada que facer no tema da auga, deixan aos veciños sen auga, non dan unha soa explicación de como, cando e porque fai os cortes, e a responsabilidade é da concesionaria, o alcalde non a ten entón xa me dirá que pinta vostede aí. Teñen toda a responsabilidade do mundo, levamos dous anos de lexislatura e nin unha proposta, nin proxecto nin medida do goberno municipal para mellorar, ampliar o abastecemento municipal e que insista que todo é cuestión da concesionaria, debeu convencer aos de Espina desa teoría porque sacan un publireportaxe no Correo Gallego tratando de salvar a responsabilidade do alcalde; pregúntome se melloraron as relacións porque aí atrás estaban fatal non lle ían pagar as facturas, que por certo teño entendido que non lle serviron

CVD: vH9rkQOLbF89JJCkiDm8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

auga cando a foron a buscar por non ter pagadas as facturas, o que é unha eiva importante para o Concello. O xoves imos falar largo e tendido do tema da auga porque hai moitísimo do que falar. Hoxe acaban de redondear o tema dicindo vostedes que non teñen responsabilidade ningunha, di que teñen papeles porque non lle dan esa información ao vecindario, ou non lle merecen respeto, porque non lle explican que pasou no depósito de Baiobre eses dous días da semana pasada que estiveron sen auga, que averías houbo, de que clase; que pasou aquí en Touro, porque non se publicou ese aviso de corte cando foi todo penoso e o alcalde e o goberno non teñen responsabilidade, non pintan nada no abastecemento municipal. Hai unha grandísima contradición e unha gran mentira tamén no tema resulta que o abastecemento e ordenanza que temos só e para abastecemento domiciliario e estase consumindo para outras moitísimas cousas, co que nos estamos totalmente de acordo que se dea auga a todos, de acordo coas tarifas que e establezan, pero para iso hai que ter auga, iniciativa, planificar, incrementar a capacidade do abastecemento e non fixeron absolutamente nada nestes dous anos; non tire balóns fora, nun ano chuvioso como este preguntámonos que vai pasar en agosto e setembro se hai algo de seca, que se vaian preparando os veciños porque resulta que o alcalde non ten responsabilidade, como non a ten que tontería que nos pidamos a súa reprobación e dimisión, se non é responsable de nada.

Respecto do tema do presupuesto, é rizar o rizo non sei se da incompetencia ou da cara dura, dicir que é o presupuesto municipal non ten importancia porque non deixa de ser unha previsión, un papelito, realmente iso defíneo perfectamente e dicir cales son as verdadeiras razóns polas que non traen o orzamento ao Pleno, aparte de incumprir a normativa, vostede e bastante especialista en facelo e en retorcer as normas sempre que lle favorezan, e explique senon é polo do seu sueldo, díganos o porqué.

En canto o tema do descontrol das obras, fixo en bastantes plenos oposición ao goberno anterior do PP, pero cando o faga diríxase ao señor que está a súa esquerda que ademais no tema das obras ten unha grandísima responsabilidade no anterior goberno e neste, sexa coherente. En canto a que vostedes executaron plans dos anos 21 e 22, dígolle que non pode engañar á xente e cando vostede tomou posesión da alcaldía no ano 2023, todas as obras estaban contratadas, con prazos de execución, contratos subscritos, polo tanto non utilice esa demagoxia fácil, non minta á xente. Tres obras do Plan municipal foron as que provocaron os desvío orzamentaria aparte da execución e xustificación das subvencións da Deputación.

Faime gracia que copien a estratexia dos bulos do goberno central, é un bo imitador de Pedro Sánchez no tema de aferrarse ao sillón.

O tema do POS, cando un está sentado nese sillón ten a responsabilidade de todo o que pasa no Concello e se non a quere asumir pode deixala. Esa proposta que trouxeron intentando chantaxear que non había alternativa, o pleno víspera de terminarse o prazo e de ou o aprobabamos ou perdíamolo; e hai un acordo do día 9 de xaneiro donde formulamos unha proposta de obras, aprobada por sete votos a favor, nese acordo encomendábaselle encargar a redación dos proxectos e se consideraba que excedían o orzamento do POS debeu chamarnos e explicalo, o que non quería era como tantas outras veces executar o acordo aquí adoptado por unha maioría de sete a cero, por moito que se empeñe nos non votamos en contra desas obras, votamos en contra de que vostede se negou a tramitar as obras que se aprobaron aquí en Pleno, igual que do ascensor, de subir a subvención das festas, como se dedica a facer unha deixación de funcións e de falta de respeto á Corporación, porque lle guste ou non, representamos aos veciños de Touro. Vostede é o único responsable de que se perderan máis de 753.250 €, o que é máis grave pretendeu enganar á xente aprobando o Plan por Decreto, atribuíndose unhas competencias que non ten, porque non respeta as bases do POS, as cales se comprometeu a aceptar no momento da solicitude e sabía de sobra que ía perder eses cartos, tal e así, que a Deputación privou ao Concello deses fondos, volveu a presentar alegacións e a Deputación volveu a rexeitar, e gustaríame saber aquí se vai levar á Deputación ao Contencioso. Non so iso senón que no Plan Adicional volve a facer o mesmo, así de curioso e con ese atrevemento, cando un pretende saltarse as normas, atribuírse unhas competencias que non ten, despreciando a voluntad da maioría da corporación, pode culpar ao PP do que queira; ditou un decreto ao día seguinte dunha visita institucional do Presidente da Deputación se comprometía a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: vH9rkQOLbF89JJCkiDm8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

mediar para aprobar o plan adicional, pedímoslle na Xunta de Portavoces que anulase ese Decreto, non teño constancia de que o fixera, sería un tema de boa voluntad de cara a facilitar o diálogo e negociación das obras do Plan Adicional.

Pasóuseme na miña primeira intervención, tamén me sorprendeu e favorablemente todo hai que decilo que nos convocase hoxe ás nove da noite, se isto significa unha retificación de conductas cando os convocaba ás doce da mañá recurrindo á lei para que non o fixera vostede e o fixera o secretario.

Por último facer unha referencia a intervención do compañeiro do BNG, traemos isto por motivos máis que sobrados e desconcértame un pouquiño que non quere ser o tonto útil do PP, a nosa actitude cara o BNG foi sempre de respeto, non pretendemos utilizar este pleno para causarlle un problema ao BNG, de todas as maneiras terá que admitir unha parte de responsabilidade do que está a pasar en Touro, e tamén nos incluímos a nós en que unha gran parte de culpa de que o alcalde siga tena a oposición, hai unha arma que é a moción de censura, case as veces nos desautorizamos a nos mesmos cando criticamos ao señor alcalde e non facemos nada, tamén teremos que atribuírnos nos unha parte de responsabilidade, que por certo se cumprira o pacto que tiña co Partido galgo xa non debería estar aí. Nos chama a atención porque Partido Galego non esixe o cumprimento da segunda parte do pacto, non sei renuncia ou se considera xa pagado polos favores do Sr. alcalde; creo que todos debemos facer un exercicio de autocrítica, todos somos responsables de que o alcalde siga, estamos na nosa obrigación de facer o control do goberno e criticalo pero temos que asumir a nosa parte de responsabilidade que se está aí é porque que queremos que estea, hai armas legales para deixar de que estea, supoño que como non hai propósito de emenda seguiremos sen orzamento municipal, someténdonos a súa prepotencia e autoritarismo. Para o próximo pleno do xoves entraremos de pleno no asunto da auga e traianos outro argumento distinto de que a responsabilidade e exclusivamente da concesionaria, porque senon malo, malo; que a concesionaria se meta en política municipal xa ten mérito, que saque un publireportaxe dicindo que os culpables da alarma social somos nos ten moito mérito e nin unha liña de autocrítica e explicación, paréceme dun desprecio cara o vecindario de Touro total e absoluto.

Insisto na petición de reprobación e dimisión do alcalde porque os motivos son sobrados.

O voceiro do BNG, sr. Lozao di que o de tonto útil é unha expresión, podemos substituíla por facerlle o xogo,. Respecto de que todos temos responsabilidades, son relativas sempre, non e que nos poñamos lado, senón de principios políticos, o BNG non lle da o goberno ao PP en ningún Concello de Galicia porque estamos nas antípodas políticas, non ten nada que ver coa cuestión persoal, iso non queremos decir que esteamos de acordo co que se fala aquí. Somos dúas posicións da política moi diferentes.

Respeto ao sr. alcalde díxenlle como pudo defraudar a tanta xente en tan pouco tempo, vexo despois da súa argumentación, vexo que non hai cambio nin interés, senón que o seu interés é a confrontación porque vostede busca, que a dinámica sexa PP e Movemento Veciñal, pero a forma de facer política do BNG non é esa, nin o vai ser, polo menos mentres eu sexa concelleiro. Vostede sigue na confrontación para sacar rédito político, pero a realidade é terca, o plan POS perdeuse e vostede é o responsable, igual que é unha realidade que os veciños quedaron sen auga de golpe por primeira vez en vinte pico anos e non se sabe porque, falaremos o próximo xoves, pero dende novembro de 2024 veño facendo preguntas sobre problemas da auga, se non se pagan as facturas.. Co orzamento deixoume fora de xogo, é o documento máis importante que ten o Concello, marca a liña política, vale para todo, no vale para nada porque non é sequera capaz de elaboralo, porque nin sequera o intenta.

O Sr. alcalde di que da a impresión que hai un cártel de cisternas da auga, falaremos o xoves e lle adianto estas incidencias resolvéronse sin necesidade de cisternas de auga potables, non era cuestión de cisternas de auga potable.

Vivimos nun país onde a xente vai ao xulgado por unha cuarta de terra, polo ancho do marco dunha leira, pero claro unha empresa non vai ao Xulgado por 92.000 euros.

Respecto ao PP, é imposible, dixo polo menos unha ducia de veces o tema de que o alcalde dixera que non tiña responsabilidade no tema da auga, para nada dixo iso, se lle parece pouca responsabilidade o deber de cumprir e facer cumprir o contrato, non sei que máis responsabilidade, esixirá os datos previos a eses cortes de auga, durante e posteriores, que caudais saliron, entraron, que parte da infraestrutura quedou sen servizo e durante canto tempo, pedirá ese datos e co

CVD: vH9rkQOLbF89JJCkiDm8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

asesoramento técnico pertinente, chegaranse a unhas conclusións e reclamarese o que se deba reclamar, ese é o deber do Concello neste caso. Para rematar, o tema do Pos todo o fía a ese pleno, días antes houbo unha comisión onde non propuxo absolutamente nada co cal non hai ningunha dúbida que a vontade era non aprobar o POS no Pleno. Respecto da pregunta se vai levar a Deputación ao Xulgado, o alcalde tal e como ven facendo co asesoramento pertinente vai facer todo o posible e máis para que o Concello reciba ese fondos e eses recursos.

VOTACIÓN:

A Moción de reprobación do alcalde Roberto Castro Rocamonde resultou aprobada por seis votos a favor (cinco membros do Grupo Municipal do PP e o Concelleiro non adscrito Darío Rey Suárez), catro votos en contra (tres Concelleiros de MVXT e o Concelleiro do PG) e a abstención do Concelleiro do BNG, sendo once o número legal de membros da Coprporación.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 22.01 horas do 7 de xullo de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

CVD: vH9rkQOLbF89JJCkiDm8 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)